

Prezadas/os compañeiras/os,

No nome do Grupo de Traballo da materia “Lingua estranxeira II: Francés” póño-me en contacto con vós para informaros das directrices xerais que rexerán a materia nas PAU no curso 2016-2017. Este ano non haberá cambios no que se refire ás probas, o modelo de exame manterase tanto no relativo á súa estrutura como ao sistema de puntuación. Para calquera información así como para calquera suxestión, non dubidedes en contactar comigo.

Un cordial saúdo,

Directrices vixentes:

De acordo cos criterios indicados pola CIUG, o exame constará de dúas probas:

Proba escrita (60 minutos)

Proba de audición (30 minutos)

A. PROBA ESCRITA

Características xerais:

A tipoloxía dos textos será variada , nun rexistro de lingua estándar, e abordará, preferentemente, temas de actualidade e aspectos relacionados coa cultura francófona.

- Proporanse aos alumnos/as dous textos en francés
- Elixirán un dos textos propostos
- Deberán responder en francés ás preguntas que se formulen sobre o texto elixido
- Extensión dos textos : en torno a 300 palabras

Características das preguntas sobre os textos e criterios de valoración:

Número total de preguntas: formularanse tres preguntas sobre cada un dos textos propostos

1) Pregunta 1

Puntuación: 2 puntos

Test de comprensión sobre o texto.

O alumnado contestará verdadeiro ou falso a unha serie de preguntas sobre o texto.

Dado que o número de preguntas formuladas sobre o textos pode presentar pequenas variacións, a valoración específica de cada unha delas será a que figure no exame no enunciado da pregunta 1 (ata un total de 2 puntos).

2) Pregunta 2

Puntuación: 3 puntos

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua.

Pedirase ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, busque sinónimos etc.

Dado que o número de apartados desta pregunta pode presentar pequenas variacións, a valoración específica de cada un deles será a que figure no exame no enunciado da pregunta 3 (ata un total de 3 puntos).

3) Pregunta 3

Puntuación: 4 puntos

Nesta pregunta pedirase ao estudante que faga unha pequena redacción en francés cunha extensión en torno a cen palabras.

O tema estará relacionado coa temática do texto proposto.

Valorarase a coherencia do discurso, a fluidez na expresión, a corrección morfosintáctica, así como a riqueza de recursos expresivos do alumno.

Os catro puntos cos que se valorará a pregunta repartiranse de acordo cos seguintes criterios:

- a) Fluidez na expresión, boa utilización das estruturas sintácticas e morfolóxicas: 1'5 puntos
- b) Ortografía: 0'5 puntos
- c) Riqueza e emprego axeitado do vocabulario: 1 punto
- d) En relación co contido: organización, presentación das ideas, encadeamentos lóxicos, estrutura clara do texto: 1 punto

Valorarase negativamente:

- a) Non responder adecuadamente ao tema esixido na pregunta.
- b) Non axustarse á extensión establecida.
- c) Repetir literalmente as frases do texto.

Puntuación total da proba escrita: 9 puntos

B. PROBA DE AUDICIÓN

Características xerais:

Audición (tres veces) dun documento de audio en francés (duración de aproximadamente 2 ,3 minutos) . Será un documento nun rexistro de lingua estándar que abordará, preferentemente, temas de actualidade e aspectos relacionados coa cultura francófona.

O alumnado cubrirá un test de resposta múltiple.

Entregarase aos alumnos o cuestionario para que o poidan ler.

Primeira audición do documento

Segunda audición do documento.

Tempo para responder ao cuestionario

Terceira audición do documento.

Tempo para responder ao cuestionario

Características das preguntas sobre os documentos:

Haberá un total de dez preguntas de tipo test de elección múltiple.

Cada unha das dez preguntas valorarase con 0,1 puntos.

Non se penalizarán as respostas erróneas.

Puntuación total da proba audio: 1 punto